



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Deseño de Proxectos Interdisciplinares | | Código | 652534004 |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 4.5 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | |
| Coordinación | Santamaría Recio, María Celina | Correo electrónico | celina.santamaria@udc.es | |
| Profesorado | Santamaría Recio, María Celina Vázquez Ben, Lucía | Correo electrónico | celina.santamaria@udc.es lucia.vben@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Materia obrigatoria na que se analizan e aplican os principios do deseño de proxectos, contemplando o seu carácter competencial en contextos concretos para niveis educativos de infantil e primaria. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| | |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|---------------------------------|--------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | | Competencias / Resultados do título |
| Identificar e valorar as características da metodoloxía por proxectos. | AM1 AM2 | BM1 BM8 BM12 | CM3 CM4 CM9 |
| Desenvolver proxectos interdisciplinares innovadores orientados ao desenvolvemento das habilidades docentes e de investigación didáctica. | AM3 | BM2 BM13 | CM5 CM10 CM11 |
| Planificar procesos de elaboración de proxectos interdisciplinares que integren de xeito coherente a identidade curricular das didácticas específicas. | AM1 AM2 AM3 AM8 AM9 | BM2 BM8 | CM4 CM5 CM6 CM13 |
| Incorporar os proxectos de innovación, procedementos e criterios para a avaliación conxunta da actividade docente e a aprendizaxe das diferentes didácticas específicas. | AM3 AM8 AM9 | BM4 BM6 | CM12 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| Os proxectos. Súas características | - Orixe - Evolución e estado actual |
| Deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos interdisciplinares: modelos, principios e estrutura. | - Tipos de proxectos - Características que deben atender |
| Estratexias metodolóxicas innovadoras no desenvolvemento de proxectos interdisciplinares. | - A resolución de problemas e a indagación como estratexias metodolóxicas no deseño de proxectos - Exemplos de proxectos. A súa análise e mellora |
| Elaboración de proxectos interdisciplinares baseados no traballo colaborativo e en mellora da práctica educativa. | - Deseño de proxectos personales seguindo as pautas establecidas - Exposición e xustificación da idoneidade do proxecto |



Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|-------------------------------|---------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Aprendizaxe colaborativa | A3 A8 A9 B4 B6 C4 C5 C11 C12 | 8 | 8 | 16 |
| Sesión maxistral | A1 B12 B13 C11 | 13 | 20 | 33 |
| Traballos tutelados | A3 A9 B2 C4 C5 C6 C9 C13 | 6.5 | 21 | 27.5 |
| Presentación oral | A8 B4 B6 | 2 | 2 | 4 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 B2 B8 B12 B13 C3 | 0 | 17 | 17 |
| Proba mixta | A1 A2 B1 B8 B12 B13 C3 C10 | 2 | 10 | 12 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------------|--|
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral vai acompañada dun intercambio e diálogo continuo co alumnado |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor. |
| Presentación oral | Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. |
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas teórico-prácticas de carácter individual e escrito. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
| | |



| | |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Os traballos tutelados serán dirixidos directamente polas profesoras da materia a través das titorías. As titorías tamén terán importancia para resolver dúbidas individuais. Facilitarase a integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades para superar a materia, mediante as axudas oportunas e a atención personalizada requirida. |
|---------------------|--|

| Avaliación | | | |
|-------------------------------|----------------------------|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Presentación oral | A8 B4 B6 | Os traballos tutelados serán presentados e discutidos en gran grupo coa intervención dos demais compañeiros. Será avaliada moi especialmente a capacidade de argumentación do alumnado | 15 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 B2 B8 B12 B13 C3 | Esta análise mostrarase no traballo tutelado, dado que resulta imprescindible para súa fundamentación | 15 |
| Traballos tutelados | A3 A9 B2 C4 C5 C6 C9 C13 | Traballo que consistirá na elaboración/diseño dun proxecto de carácter interdisciplinar dirixido a un curso concreto de infantil ou primaria | 50 |
| Proba mixta | A1 A2 B1 B8 B12 B13 C3 C10 | Consistirá nunha proba personal dirixida a particularizar a cualificación final do alumando | 20 |

| Observacións avaliación |
|--|
| <p>A avaliación desta materia consistirá na presentación e defensa dun proxecto interdisciplinar, en grupos de dous ou tres persoas, e excepcionalmente de xeito individual. O traballo titorizado consistirá no desenvolvemento dun proxecto interdisciplinar, centrado principalmente en ciencias naturais e matemáticas. Valorarase a calidade do traballo en si (50%), a análise documental que presenta (15%) e a súa exposición oral (15%). Ademais, realizarase unha proba mixta (20%).</p> <p>Se o/a alumno/a non alcanza o 80% das clases presenciais ou ten unha exención académica para a asistencia, deberán poñelo en coñecemento das profesoras na primeira semana de clase, e avaliarase mediante as seguintes actividades: Traballo tutelado (25%); exposición oral (10%); análise de fontes documentais (5%), traballos propostos para a aula (20%) e proba mixta (40%). Todas as entregas deberán realizarse de xeito individual e nos mesmos prazos que o resto de estudantes.</p> <p>Para aprobar a materia será necesario acadar unha puntuación de 4 sobre 10 en cada un dos apartados.</p> <p>Importante: nos traballos presentados considerarase a corrección da expresión e da ortografía. Por outra banda, o plaxio será a causa da suspensión da actividade avaliada, en coherencia co artigo 14.4 das NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DE GRADOS DE ESTUDOS DE BACHARELATO E MÁSTER, aprobadas polo Consello de Goberno o 19 de decembro de 2013 e modificadas o 29 de xuño de 2017. Concretamente, a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.</p> <p>NOTA: Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.</p> |

| Fontes de información |
|-----------------------|
|-----------------------|



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Alsina, A (2012). Hacia un enfoque globalizado de la educación matemática en las primeras edades. Numeros, (80),7-24 - Cabello, A. España, E. y Blanco A. (2016). La competencia en alimentación. Barcelona: Octaedro - García Barros, S. Martínez Losada, C (2013). Inmersos en el aire miramos al cielo.. Barcelona: Graó - Majó Masferrer, F.; Baqueró Alos, M. 2014 (2014). Ocho ideas clave. Los proyectos interdisciplinarios. Barcelona:Graó - Ramiro, E. (2010). La maleta de la ciencia. 60 experimentos de aire y agua y centenares de recursos para todos.. Barcelona. Graó - Mato-Vázquez, D.; López Chao, V. y Pérez-Mato, A. (2015). Interdisciplinaridad entre Matemáticas y Educación Plástica en educación Infantil. XII Foro Internacional sobre Evaluación de la Calidad de la Investigación y la Educación Superior In - Hernández, F. (2002). Los proyectos de trabajo. Mapa para navegantes en mares de incertidumbre.. Cuadernos de Pedagogía, 310, 78-82 - Sanmartí, N. y Márquez, C. (2017). Aprendizaje de las ciencias basado en proyectos: del contexto a la acción. Ápice. Revista de Educación Científica, 1(1) 3-16 - Díaz Barahona, J. (2010). El desarrollo de la competencia matemática desde la educación física. Aula de Innovación Educativa, 189, 23-29 - Doménech-Casal, J. (2019). Aprendizaje basado en proyectos, trabajos prácticos y controversias. 28 propuestas y reflexiones para enseñar Ciencias. Barcelona. Octaedro - Xunta de Galicia (2014). Currículo Educación Primaria. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140909/AnuncioG0164-050914-0005_gl.pdf - Xunta de Galicia (2009). Currículo Educación Infantil. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2009/20090623/Anuncio202E2_es.html - Xunta de Galicia (2015). Competencias Clave . https://www.boe.es/boe_gallego/dias/2015/01/29/pdfs/BOE-A-2015-738-G.pdf - Amorós, E y Hostal, A. (2013). 44 Experiencias 0-3. Barcelona. Graó - López Sancho, J M.; Gómez Díaz, M. J.; Refolio Refolio, M. C.; López Álvarez, J. M.; Moreno Gómez, (2009). Óptica para maestros Una aproximación del modelo de rayos para el aula de educación infantil y primaria. . Recuperado de https://digital.csic.es/handle/10261/83872 - Abril, A.M.; Blanco, A. y Franco, A.J. (). Enseñanza de las ciencias en tiempos de COVID-19 De la Investigación didáctica al aula. Barcelona. Graó - Domènech-Casal, J. (2018). Aprendizaje Basado en Proyectos en el marco STEM. Componentes didácticas para la Competencia Científica. Ápice. Revista de Educación Científica, 2(2), 29-42. https://doi.org/10.17979/arec.2018.2.2.4524 - Pelares, J. y Aguilera, D. (2020). Ciencia-Tecnología-Sociedad vs. STEM: ¿evolución, revolución o disyunción?. Ápice. Revista de Educación Científica, 4(1), 1-15 <p>Esta bibliografía completarse no transcurso do curso adaptándose ás necesidades académicas.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Recoméndase que os envíos dos traballos sexa telemáticamente e se non fose posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Evitaráse a discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Usarase linguaxe non sexista, propiciaráse a intervención en clase de alumnos e alumnas. NOTA: Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías